

ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2024-25

A Admisión do alumnado neste Centro para o curso 2024-25 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos... . (DOG 13/02/2022)

- Orde do 21 de outubro de 2022, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos... . (DOG 08/11/2022).

- Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, se é o caso.

2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos).....34	6	Primeiro.....0	0
Quinto (4 anos)..... 0	0	Segundo.....0	0
Sexto (5 anos)..... 4	0	Terceiro.....3	0
		Cuarto0	0
		Quinto.....0	0
		Sexto0	0
(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 2 da Orde do 21 de outubro de 2022, DOG do 8 de novembro)			

3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao **IES Sardiñeira**.

4.- XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

As xornadas de portas abertas celebraranse os días 19 e 26 de febreiro de 17 a 18 horas. Punto de encontro na Biblioteca escolar Moises Gómez.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (formulario ED550B), poderanse recoller na Secretaría/administración do centro. Tamén estará dispoñible na páxina web do centro, na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.

Deberán ser presentadas, polos proxenitores ou titores, na Secretaría do colexio **do 1 ao 20 de marzo (de 9:15 a 13:45 h)**, acompañadas de (art. 26).

- Copia do DNI, copia do libro de familia ou documentación acreditativa do requisito de idade do alumno/a.
- No caso de optar a un curso de Primaria, deberán achegar tamén certificación de matrícula do centro de procedencia.
- En caso de separación xudicial ou divorcio, deberán presentar copia do convenio regulador ou resolución xudicial.
- A efectos de comprobación, é necesario presentar o orixinal de todos os documentos fotocopiados.

6.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación é do 21 de marzo ao 8 de abril. Sen embargo, **para facilitar trámites e evitar viaxes ao Centro, poderán achegala coa solicitude.**

Só será necesario presentar a documentación relativa aos criterios de: DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, domicilio fiscal, renda, condición de familia numerosa e discapacidade do alumno/a, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás cando a persoa interesada denegue a consulta automática de datos (artigo 32)

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

7.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO

- **O 25 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles (art. 24).
- **O 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade no prazo dun mes (artigo 35).

8.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará a súa matrícula na Secretaría do Centro, **do 20 ao 30 de xuño (de 9:15 a 13:45 h)**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida. (artigo 41).

9.- RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

- Profesorado Especialista en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Ed. Física, Música, Inglés e Relixión Católica.
- Departamento de Orientación Escolar:
 - Orientadora.
 - Profesorado especialista en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Aula de PT e Aula de AL.
- Aula de Inglés.
- 1 Aula dixital.
- 2 Ximnasios.
- Aula de usos múltiples.
- Biblioteca (PLAMBE), con horario durante a xornada escolar e de tarde de martes a venres de 16 a 18 horas.
- Participación no Programa E-Dixgal (5º e 6º de Primaria)
- Plurilingüismo en Ed. Infantil e Ed. Primaria (Auxiliar de conversa).
- Programa PROA+.
- Erasmus +
- Proxecta +
- Programa Acompaña
- Contratos Programa Inclúe
- Contratos Programa Recupera

10.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

10.1.- Madrugadores (7:30 - 9:00h).

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro: (empresa JARDANAY)

* Horario da ANPA: estará exposto na porta do local da ANPA

Teléfono ANPA: 881 960 301

Web: <http://anpasancristobal.blogspot.cpm>

e-mail: www.anpasancristobal@gmail.com

10.2.- Comedor Escolar (14:00 – 16:00h.).

Organizado e xestionado pola ANPA do Centro: (empresa JARDANAY)

* Horario da ANPA: estará exposto na porta do local da ANPA

Teléfono ANPA: 881 960 301

Web: <http://anpasancristobal.blogspot.cpm>

e-mail: www.anpasancristobal@gmail.com

- Lexislación aplicable:

. Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade. (DOG, 06/02/2007).

. Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade. (DOG, 05/03/07).

10.3.- Actividades extraescolares

A ANPA informará durante o mes de setembro sobre as actividades extraescolares que se poidan organizar así como dos seus horarios. Estas desenvolveranse de outubro a xuño, ambos os dous incluídos

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A solicitude será única e vinculante, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar de forma presencial ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

Estará asinada polos titulares da patria potestade. No caso de separación ou divorcio, **será necesaria a sinatura de ambos proxenitores**, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

Darán lugar á perda do dereito de prioridade (art. 41):

- . A presentación da solicitude fóra de prazo.
- . A presentación de máis dunha solicitude.
- . A presentación de solicitudes estando vinculado por reserva. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.
- . As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- . As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

As familias poderán consultar o estado da tramitación das súas solicitudes a través da aplicación: *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), utilizando o código de solicitude e o nº do DNI da persoa solicitante (Art. 13.3).

A Coruña, a 23 de febreiro de 2023

A/O Secretaria/o,

Vto. e Prace.

A/O Director/a,

Asdo.: Inés Ares Morandeira

Asdo.: Alfonso Muñiz Plaza